

**DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA**

**IESP AMES**

**PROGRAMA DE MELLORA. ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL**

**NIVEL 1. 2º E.S.O.**

**ÍNDICE**

0. INTRODUCCIÓN.....	3
1. PREVISIÓN DE ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.....	3
2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	5
3. OBXECTIVOS.....	11
4. CONTIDOS.....	14
5. ESTÁNDARES AVALIABLES E TEMPORALIZACIÓN EN RELACIÓN COS OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS POR UNIDADE. .....	17
6. CONTIDOS MÍNIMOS. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.....	42
7. LIÑAS METODOLÓXICAS.....	43
8. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL. REFORZO, RECUPERACIÓN E MEDIDAS METODOLÓXICAS.....	43
9. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN. INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	45
10. ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....	46
11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRACTICA DOCENTE.....	47
12. LIBROS DE LECTURA. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.....	48
13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	49
14. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	50
15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	50
16. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....	51

## 0. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Ademais de ter en conta o xa indicado respecto ás características xerais do centro e en concreto do Departamento de Lingua Galega ( Programación Didáctica de Lingua e Literatura Galega 2021-2022 ), o grupo de 2º ESO- PMAR presenta un perfil propio que descobre diferentes problemáticas de aprendizaxe e mesmo algunha situación psicosocial complexa. A 15 de setembro de 2021, día de presentación do alumnado, o grupo está constituído por cinco rapaces e dúas rapazas procedentes de 1º da ESO ( menos un que repite). Todos arrastran bastantes materias pendentes e un alumno está diagnosticado como TEA.

## 1. PREVISIÓN DE ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.

O exposto a partir de agora nesta programación responde a un escenario de ensino presencial, que desde o Departamento cremos absolutamente necesario para manter a calidade das aprendizaxes e respectar o principio de igualdade de oportunidades para todo o alumnado; con todo, se as circunstancias sanitarias impostas pola Covid-19 empeorasen e obrigasen a un ensino semipresencial ou un ensino virtual, contémpanse algún axustes e/ou modificacións.

En calquera dos dous casos (tanto ensino semipresencial como virtual), manteríase a organización e secuenciación de contidos, procurando simplificalos ao máximo e reducíndoos aos contidos mínimos esixibles; en consecuencia, e como se verá no apartado correspondente, isto afectará tamén á avaliación dos mesmos.

A temporalización feita tamén se axustará en función de como evolucione a situación sanitaria e das necesidades que se detecten no grupo-clase: facilidades na comunicación co alumnado, situación persoal-laboral das familias, do propio profesorado, etc.

En canto ás actividades, procuraremos que manteñan as súas características (globalizadoras, motivadoras, respectuosas coa diversidade, relacionadas cos distintos contextos comunicativos, que potencien o emprego eficaz e correcto da lingua...), pero variará significativamente o traballo de aula e os contextos de aprendizaxe.

Se o ensino pasase a ser virtual na súa totalidade, procuraremos seguir as pautas de traballo sinaladas arriba porque son as que garanten, para nós, unha aprendizaxe significativa, pero farase botando

man das ferramentas dixitais de que dispomos, preferentemente a Aula Virtual do centro. Respectarase, na medida do posible, o horario de clase do grupo, co que nos reuniremos virtualmente a través da plataforma ofrecida pola Consellería de Educación, e trataremos de crear un clima de traballo serio, eficaz, e ao mesmo tempo agradable, que nos permita avanzar.

No caso de irmos a un ensino semipresencial, aproveitaríanse os días de presenza do alumnado na aula física para explicar os principais contidos conceptuais, resolver dúbidas ou dificultades e poñer en común e/ou corrixir tarefas, así como realizar algunhas actividades de síntese, como a recapitulación do aprendido; polo tanto, o alumnado realizaría individualmente e/ou na clase telemática as demais actividades: lectura e comentario de textos; produción de textos e ou traballos de creación propia; busca de información; realización de exercicios...

En calquera dos dous casos, as actividades serán preferentemente individuais, e só serán en grupo cando o alumnado poida interactuar de maneira virtual.

Manteranse os criterios de cualificación, pero axustaranse os procedementos e instrumentos de avaliación, que quedarán como segue:

As probas escritas realizaranse nas xornadas de presenza física na aula se o ensino fose semipresencial; en caso de ensino virtual, valorarase a plataforma máis axeitada para realizar probas e utilizaremos estratexias como dividir a proba en partes, establecer cuestións máis abertas ou máis pechadas segundo o caso, etc.

Para a valoración das lecturas utilizaremos tamén arquivos de audio e vídeo ou probas orais, que poderán servir tamén para cualificar a oralidade.

Os traballos de diverso tipo (investigación, creación, comentarios de texto...) e tarefas varias entregaranse a través da Aula Virtual do centro e serán cualificados a través da correspondente rúbrica.

Por último, modificaranse os ítems para cualificar a participación (1 punto) en todos os niveis, que quedarían do seguinte xeito:

*Conéctase regularmente nas horas de clase virtual (0,2)*

*Está visible e coa actitude axeitada nas videoconferencias (0,2)*

*Colabora activamente no desenvolvemento das clases (0,2)*

*Mantén a comunicación e participa na actividade académica con regularidade (0,2)*

*Envía os traballos/tarefas na forma e prazo axeitados (0,2)*

A experiencia vivida no último trimestre do curso 2019/2020 amosounos as graves dificultades que supón un ensino virtual: alumnado sen posibilidades de comunicarse regularmente, sen motivación, con dificultades de aprendizaxe incrementadas, sen a suficiente autonomía para o traballo individual...; todo iso sen falar das graves consecuencias que pode supor, a nivel persoal, a desaparición da vida escolar: a deterioración das habilidades sociais, a perda de sentimento de pertenza a un grupo, o abandono de hábitos saudables, entre outras. Estas dificultades sabemos que afectarán ao proceso de ensino-aprendizaxe do noso ámbito, polo que introduciremos os axustes necesarios, tanto individuais como colectivos, para tratar de superalas. Tanto as dificultades que xurdan como as modificacións establecidas para palialas figurarán nas actas do noso Departamento e na *Memoria* final do presente curso.

Ademais, no caso de que algunha persoa, por distintas razóns, non conte con medios para recibir un ensino telemático, comunicáraselle esta situación ao titor e á Dirección do centro que será quen, coa axuda da Consellería de Educación, arbitre as medidas pertinentes para dotar a ese alumno ou alumna dos medios necesarios que garantan o seu dereito á educación.

## 2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

As materias que forman parte do ámbito contribúen á adquisición das seguintes competencias:

### **a) Comunicación lingüística:**

- Desenvolver habilidades lingüísticas para comprender un texto e para expresarse oralmente e por escrito.
- escoitar e participar activamente tendo en conta as convencións sociais implícitas nos procesos de comunicación.
- Desenvolver habilidades para enriquecer e ampliar o vocabulario.

- Desenvolver habilidades para expresar e compartir ideas propias e recoñecer as doutros.
- Recoñecer os trazos que diferencian ás distintas tipoloxías textuais para mellorar a comunicación.
- Desenvolver habilidades para aplicar os coñecementos gramaticais na comunicación diaria.
- Ampliar o vocabulario utilizando o dicionario.
- Recoñecer e valorar a pluralidade lingüística e a variedade das linguas en distintas situacións e en diferentes ámbitos.
- Recoñecer a importancia da correcta ortografía nos escritos de calquera ámbito, especialmente o académico.
- Interpretar e usar con propiedade a linguaxe específica das Ciencias Sociais.
- Expresar, resumir e comprender textos históricos e descritivos da realidade socioeconómica que nos rodea.
- Expoñer e debater ideas propias ou procedentes de diversas fontes históricas ou actuais.
- Redactar correctamente comentarios de texto e interpretar imaxes de carácter xeográfico e histórico.
- Describir e fundamentar a realidade cotiá doutros lugares e outros tempos.
- Usar habilidades lingüísticas para a comprensión de fragmentos literarios narrativos, líricos e dramáticos, e fomentar así o gusto pola lectura.
- Aplicar os coñecementos literarios adquiridos para crear textos literarios persoais.
- Ler obras enteiras e recoñecer nelas a importancia do contexto en que se escribiron.

#### **b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencias e tecnoloxía**

- Utilizar estruturas lóxicas indutivas ou dedutivas para crear textos coherentes.
- Manexar a escritura de símbolos científicos e números.

- Utilizar correctamente a linguaxe matemática para cuantificar os fenómenos sociais.
- Usar con propiedade as ferramentas matemáticas básicas para as Ciencias Sociais: táboas de datos, pirámides de poboación, gráficas de datos socioeconómicos etc.
- Desenvolver a capacidade de observación crítica e proveitosa do ámbito social e físico, obtendo información útil para iso.
- Asumir o método científico propio das Ciencias Sociais para aproximarse á realidade que nos rodea.

### **c) Competencia dixital**

- Buscar, obter, seleccionar e procesar información en distintos soportes das TIC.
- Manexar dicionarios para ampliar o coñecemento de palabras e descubrir a súa orixe.
- Comunicar información en distintos soportes das TIC.
- Utilizar e decodificar linguaxes específicas: textual, numérico, icónico, visual e gráfico.
- Buscar, seleccionar, procesar e presentar información a partir de fontes diversas e en formas variadas en relación cos fenómenos sociais, históricos e xeográficos.

### **d) Aprender a aprender**

- Ler analiticamente para extraer ideas básicas para a comprensión dun texto.
- Utilizar coñecementos previos para contextualizar un texto.
- Recoller información obtida para interpretar correctamente o texto.
- Traballar de xeito autónomo para controlar e autoavaliar as súas propias capacidades.
- Traballar cooperativamente e de xeito produtivo e responsable para conseguir un obxectivo.
- Identificar e manexar diversidade de respostas posibles ante unha mesma situación.
- Deducir informacións máis alá das contidas nun texto.
- Utilizar os coñecementos adquiridos para a creación de textos persoais.

- Utilizar os coñecementos lingüísticos para mellorar a comunicación oral e escrita.
- Aplicar as regras ortográficas en todos os escritos.
- Utilizar os coñecementos pragmáticos textuais para mellorar a comunicación oral e escrita.
- Utilizar os coñecementos adquiridos sobre as variedades para saber usar a lingua en distintas situacións.
- Analizar os fenómenos sociais, históricos e xeográficos, buscando a xustificación e tratando de identificalos no ámbito cotián.
- Desenvolver as capacidades de síntese e de dedución aplicadas aos fenómenos sociais e xeográficos.
- Potenciar as destrezas propias das Ciencias Sociais, tendo como referencia a metodoloxía propia das devanditas ciencias.
- Mellorar as destrezas relacionadas coa organización adecuada da información, mediante a realización de fichas, apuntamentos, esquemas, resumos etc.
- Representar e visualizar modelos que axuden a comprender as características da paisaxe xeográfica e da arte medieval.
- Aplicar todos os coñecementos literarios aprendidos para comentar un texto e comprender as obras literarias lidas.

#### **e) Competencias sociais e cívicas**

- Saber comunicarse en distintos contextos, expresando as ideas propias, escoitando e respectando os demais.
- Compartir con outros coñecementos previos sobre o tema central do texto proposto.
- Descubrir o significado de signos non verbais que son habituais no ámbito social.
- Desenvolver habilidades para expresar ideas propias nas súas relacións cos demais.
- Participar de xeito activo en traballos cooperativos.



- Fomentar capacidades para desenvolver a organización na vida privada e social.
- Desenvolver habilidades para asumir as diferenzas entre as persoas e a aceptación destas.
- Reflexionar sobre algunhas eivas do noso tempo: a escravitude, o machismo, a pobreza, os refuxiados, os dereitos dos nenos que non se cumpren, a infelicidade.
- Respectar e valorar a diversidade lingüística.
- Lograr a base de coñecementos necesaria para participar de forma consciente e crítica na sociedade tecnoloxicamente desenvolvida en que vivimos.
- Tomar conciencia dos problemas ligados á preservación do medio ambiente e da necesidade de alcanzar un desenvolvemento sostible a través da contribución da Xeografía e a Historia.
- Desenvolver capacidades para distinguir a realidade da ficción.
- Reflexionar sobre a situación de España como país de acollida a partir do traballo lingüístico cun texto.
- Compartir coa comunidade escolar algúns eventos literarios como un certame ou a celebración do Día do Libro.
- **f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**
- Converter ideas propias en algo creativo.
- Desenvolver a imaxinación e a creatividade individual, e compartir as novas ideas co grupo.
- Alcanzar iniciativas para tomar partido por unha ou outra opción.
- Desenvolver o espírito crítico e o afán de coñecer.
- Asumir tarefas dentro do traballo cooperativo.
- Desenvolver capacidades para valorar o tempo e o esforzo na organización persoal.
- Interpretar mensaxes emprendedoras nos textos traballados.

- Desenvolver a imaxinación para inventar palabras, siglas, abreviaturas e símbolos nos seus escritos.
- Ler en público, recitar, dramatizar un texto de autor ou de creación propia.
- Defender posturas persoais en faladoiros e debates.
- Aprender a empatizar para descubrir e entender os sentimentos dos demais.
- Ser competitivo cun mesmo para mellorar a aprendizaxe.
- Alcanzar propostas de solución ante situacións hipotéticas.
- Desenvolver a capacidade de propoñer análise e explicacións da realidade social do ámbito e deseñar proxectos de actuación, de acordo co interese xeral.
- Ser capaz de levar a cabo proxectos ou traballos sinxelos relacionados coas Ciencias Sociais.
- Potenciar o pensamento orixinal para afrontar situacións diversas, cuestionando os prexuízos sociais ou ideas preconcebidas.

#### **g) Conciencia e expresións culturais**

- Recoñecer o valor que ten a expresión na literatura.
- Valorar o patrimonio literario galego e español.
- Gozar lendo, creando, recitando, dramatizando.
- Recoñecer o valor creativo que ten o teatro.
- Apreciar a importancia que posúe a expresión teatral ante un público.
- Converter ideas propias en debuxos creativos.
- Desenvolver o sentido do humor.
- Representar e visualizar modelos que axuden a comprender as características da arte medieval.
- Valorar e preservar a expresión artística e o patrimonio cultural europeo, español e galego.

- Recoñecer o valor transcendental que ten a poesía.
- Apreciar a importancia que posúe a expresión de emocións e de sentimentos a través da poesía.
- Valorar a importancia que posúe o desenvolvemento da imaxinación.
- Manifestar sentimentos persoais a partir da creación poética.
- Desenvolver o ritmo e a musicalidade.

### 3. OBXECTIVOS

#### **BLOQUE LINGÜÍSTICO: COMUNICACIÓN, LINGUA GALEGA, LINGUA CASTELÁ**

- Ler e comprender o sentido global dun texto para extraer información relevante e distinguir tipoloxías a partir da intención comunicativa.
- Producir textos orais ou escritos desenvolvendo a imaxinación, achegando a opinión propia, dando interpretacións persoais e plasmando experiencias persoais e sentimentos.
- escoitar activamente.
- Comprender a necesidade de comunicación e coñecer todos os elementos que interveñen na comunicación verbal e non verbal, a intención comunicativa e os tipos de textos que de aí derivan.
- Recoñecer a intención comunicativa da narración, do diálogo, da descrición, da exposición e da argumentación en textos de ámbito familiar, social, académico, publicitario, xornalístico e literario, os seus elementos, as súas partes, os seus trazos lingüísticos, e aprender a preparar textos.
- Observar e recoñecer as categorías gramaticais: o substantivo, o adxectivo, o determinante, o pronome, o verbo, o adverbio, as preposicións, as conxuncións, as interxeccións e algunhas locucións, e diferenciar os seus usos e valores en textos dados.

- Coñecer as distintas clases de sintagmas e os seus constituíntes, para crear oracións e recoñecer nestas o suxeito, o predicado, os casos de impersonalidade e os valores semánticos que as dotan de coherencia.
- Recoñecer a existencia de dous predicados nunha oración composta coordinada, xustaposta e subordinada, e identificar a existencia ou non de nexos que os unen.
- Coñecer o concepto de texto como unidade lingüística, valorar a importancia que adquire o contexto e a intención comunicativa para captar o seu sentido, e comprender a necesidade da súa coherencia, cohesión e adecuación.
- Utilizar o dicionario.
- Descubrir a orixe das palabras, a creación de palabras novas, a súa formación e as relacións de significado que manteñen con outras palabras.
- Coñecer as diferentes linguas que se falan na Península ibérica, valorar a riqueza e a pluralidade lingüística como patrimonio cultural, así como as diferentes variedades que presenta o uso dunha lingua. Coñecer a diferenza entre linguas minoritarias e linguas minorizadas.
- Valorar a correcta ortografía na produción escrita a partir do coñecemento das regras básicas e a súa posterior aplicación.

#### **BLOQUE LITERARIO: LITERATURAS GALEGA E CASTELÁ**

- Valorar a expresión literaria fronte á común, o coñecemento do contexto para interpretar un texto literario e o patrimonio cultural que a literatura achega.
- Coñecer os xéneros literarios (narrativo, lírico e dramático) e identificar os seus trazos diferenciadores en textos dados para interpretalos correctamente.
- Desenvolver a capacidade creativa literaria favorecendo o desenvolvemento da imaxinación, da autonomía e da iniciativa persoal.
- Facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e do coñecemento do mundo, e consolidar hábitos lectores.

## **BLOQUE DAS CIENCIAS SOCIAIS: XEOGRAFÍA, HISTORIA**

### **Xeografía**

- Explicar as características da poboación europea.
- Comparar a poboación de diferentes países europeos segundo a súa distribución, evolución e dinámica.
- Diferenciar os distintos sectores económicos europeos.
- Comparar paisaxes humanizadas españolas segundo a súa actividade económica e clasificalas a partir de imaxes.
- Distinguir no mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas.
- Explicar a pirámide de poboación española e das diferentes comunidades autónomas, con especial atención á poboación galega.
- Analizar en distintos medios os movementos migratorios das últimas décadas en España e en Galicia.
- Interpretar textos que expliquen as características das cidades españolas utilizando Internet e outros medios.
- Distinguir os diferentes tipos de cidades europeas.
- Resumir as diferenzas entre o urbano e o rural en Europa.
- Situar os espazos naturais españois nun mapa e explicar a situación dalgúns.

### **Historia**

- Comparar as formas de vida do Imperio romano coas dos reinos xermánicos.
- Utilizar as fontes históricas e entender os límites do coñecemento histórico.

- Caracterizar a sociedade feudal e as relacións entre señores e campesiños.
- Comprender as orixes do islam e o seu alcance posterior.
- Explicar a importancia de Al-Ándalus na Idade Media.
- Interpretar mapas que describan os procesos de Reconquista e repoboación cristiáns na Península ibérica.
- Recoñecer as características básicas da arte prerrománica.
- Comprender o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas.
- Explicar a importancia do Reino de Galicia e do Camiño de Santiago.
- Describir a importancia da arte románica, gótica, islámica e mudéjar.

## 4. CONTIDOS

### COMUNICACIÓN

- Lectura, comprensión e interpretación de textos seleccionados en relación ao eixe central da unidade, e expresión oral e escrita.
- A comunicación e os seus elementos. A linguaxe verbal. A intención comunicativa e os tipos de textos.
- A narración, o diálogo, a descrición, a exposición e a argumentación. Tipos de xéneros, estrutura do contido e escritura de textos de distinta tipoloxía.

### LINGUA GALEGA

- As unidades lingüísticas: substantivo, adxectivo, verbo, frase, cláusula.
- As principais funcións que se establecen no interior das cláusulas: suxeito, predicado, complemento directo, complemento indirecto, complemento circunstancial.

- Os procesos de formación de palabras.
- As relacións semánticas entre as palabras.
- alfabeto. Correspondencia entre grafías e fonemas. A acentuación gráfica. Uso de grupos consonánticos.
- A situación lingüística na Península ibérica.
- Linguas minorizadas e linguas minoritarias.

### **LINGUA CASTELÁ**

- As categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, verbo, adverbio, pronome, determinante, preposicións, conxuncións, locucións.
- Os sintagmas e os seus constituíntes. A estrutura oracional: o suxeito, a impersonalidade e o predicado.
- A oración como unidade semántica. A creación coherente de oracións compostas.
- texto como unidade lingüística: a intención comunicativa, o contexto, o sentido, a coherencia, a cohesión e a adecuación.
- A orixe, a formación e o significado das palabras. O manexo do dicionario.
- As variedades xeográficas, situacións e sociais da lingua española.
- A correspondencia entre grafías e fonemas. A entoación. A escritura de siglas, acrónimos, abreviaturas e símbolos. O uso do til. A ortografía das letras. Os signos de puntuación.

### **LITERATURA**

- A literatura e o seu contexto. A linguaxe literaria. A historia literaria. Os xéneros literarios.
- xénero narrativo. O punto de vista da narración. Os acontecementos narrables. Os personaxes. O tempo e o espazo na narración. A valoración dun texto narrativo.
- xénero dramático. Os diálogos teatrais. A estrutura dunha obra dramática. Os personaxes. A representación teatral.

- O xénero lírico. A forma poética. A mensaxe poética. Os recursos lingüísticos e literarios na poesía.
- A creación literaria: o microrrelato, o conto, o relato de misterio, os haikus e o rap. A dramatización. Os concursos literarios. O Día do Libro.
- A lectura persoal: *El monte de las ánimas*, de Gustavo Adolfo Bécquer; «Irmaus», de Celso Emilio Ferreiro; *Cuatro corazones con freno y marcha atrás*, de Enrique Jardiel Poncela.

## CIENCIAS SOCIAIS

### Xeografía

- Europa e a súa poboación: desequilibrios, dinámicas, movementos migratorios e modelos demográficos.
- As actividades económicas europeas e as súas políticas. Desigualdades e desequilibrios.
- As paisaxes humanizadas españolas. A acción humana sobre o territorio.
- Problemas ambientais españois, a contaminación e o desenvolvemento sostible.
- A organización territorial do Estado español.
- As institucións autonómicas de Galicia.
- A poboación española e galega, características xerais e migracións.
- As cidades europeas e españolas e a súa evolución. O proceso de urbanización. A cidade como ecosistema.

### Historia

- A Idade Media. Concepto e subetapas: Alta, Plena e Baixa Idade Media.
- A «caída» do Imperio romano en Occidente: división política e invasións xermánicas.
- Os reinos xermánicos e o Imperio bizantino (Oriente).
- feudalismo.
- islam e o proceso de unificación dos pobos musulmáns.



- A Península ibérica: invasión musulmá (Al-Ándalus) e os reinos cristiáns.
- A Plena Idade Media en Europa (séculos XII e XIII). A evolución dos reinos cristiáns e musulmáns. Emirato e califato cordobés. Reinos de Castela e Aragón. Reconquista e repoboación.
- Reino de Galicia e o Camiño de Santiago.
- A expansión comercial europea e a recuperación das cidades.
- A Baixa Idade Media en Europa (séculos XIV e XV). A crise e a peste negra e as súas consecuencias. Al-Ándalus: os reinos de taifas e os reinos de Castela e Aragón.
- A arte románica, gótica, islámica e mudéjar.

## 5. ESTÁNDARES AVALIABLES E TEMPORALIZACIÓN EN RELACIÓN COS OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS POR UNIDADE.

A continuación descríbense os estándares de aprendizaxe avaliábles en cada unidade en relación cos criterios de avaliación, os contidos tratados e os obxectivos que se perseguen en cada unidade; todos eles concretados nas actividades que se realizan.

Utilizarase como libro de *texto Programa de mellora. Ámbito lingüístico e social. Nivel 1 (2º ESO)*. Xerais. 2017 e a súa *Proposta didáctica*.

En canto á temporalización, traballaranse dúas unidades por trimestre:

- 1º trimestre: Unidades 1,2.

- 2º trimestre: Unidades 3, 4.

- 3º trimestre: Unidades 5,6.

### UNIDADE 1: É POSIBLE VIAXAR NO TEMPO?

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	ACTIVIDADES (COMPETENCIAS)	CONTIDOS	OBXECTIVOS
COMUNICACIÓN/COMPENSIÓN E EXPRESIÓN				
CA.1 Ler e comprender un texto.	EA.1.1 Comprende o sentido global dun texto identificando a información relevante.	1, 2, 3, 4 (CL, AA)	Lectura.	Comprender un texto a partir da súa lectura

CA.2 Interpretar e producir textos escritos.	EA.2.1 Escribe un texto recollendo unha interpretación persoal sobre a trama e o misterio que encerra a novela á que pertence o texto.	5 (CL)	Comprensión e interpretación textual.	eprevia e analítica para extraer información.
CA.3 Participar e opinar oralmente.	EA.3.1 Escoita e participa nun faladoiro, asumindo as regras da interacción e intervención. EA.3.2 Respeita as opinións dos demais.	6 (CL, CSC)	Expresión oral e escrita.	Expresar coñecementos sobre un texto. Producir textos orais ou escritos desenvolvendo a
<b>COMUNICACIÓN/COMUNICACIÓN</b>				
CA.4 Coñecer o concepto de comunicación e os elementos que interveñen nela.	EA.4.1 Analiza os elementos da comunicación en distintas situacións. EA.4.2 Recoñece significados en signos non verbais.	1, 3, 4 (CL, AA) 2 (CL)	A comunicación e os seus elementos. A linguaxe verbal.	Comprender a necesidade de comunicación. Coñecer como interveñen
CA.5 Recoñecer o valor do sentido e da intención comunicativa.	EA.5.1 É capaz de dotar de sentido varias mensaxes intuindo posibles contextos. EA.5.2 Recoñece diferentes intencións comunicativas en textos con temas aproximados.	2, 4 (CSC) Aplica o que sabes 1 e 2 (CL, SIEE)	A intención comunicativa e os tipos de textos.	todos os elementos no proceso de comunicación verbal e non verbal. Recoñecer a intención do emisor na comunicación e os tipos de textos
<b>LINGUA GALEGA/GRAMÁTICA</b>				
CA.1 Coñecer o valor significativo do substantivo.	EA.1.1 Selecciona substantivos nun texto e clasifícaos polos seus valores significativos.	1 (CL, AA)	As palabras. O substantivo: xénero e número.	Observar e recoñecer as categorías gramaticais: o substantivo.
CA.2 Recoñecer a concordancia entre o substantivo e o adxectivo.	EA.2.1 Descubre e valora a concordancia entre substantivos e adxectivos.	2 (CL, CSC) Aplica o que sabes 3 (CL)		Coñecer e aplicar correctamente as regras de formación do xénero e número do substantivo.
CA.3 Coñece e aplica as regras de formación do xénero e número do substantivo.	EA.3.1 Forma correctamente o feminino de substantivos dados. EA.3.2 Detecta erros na formación do feminino. EA.3.3 Forma correctamente o plural de substantivos dados	3 (CL, AA) Aplica o que sabes 3 (CL) 4 (CL, AA) 5 (CL) Aplica o que sabes 4 (CL)		
<b>LINGUA GALEGA/ORTOGRAFÍA</b>				
CA.4 Coñecer o alfabeto galego, saber distinguir fonemas de grafías, practicar o soletreo e a pronunciación.	EA.4.1 Recoñece as grafías que presentan problemas ortográficos. EA.4.2 Coñece os fonemas e recoñece cambios no significado de palabras. EA.4.3 Sabe soletrear unha palabra. EA.4.4 Pronuncia adecuadamente os diferentes fonemas.	1, 2, 3, 4 (CL, AA) Aplica o que sabes 5 2, 3 (AA) 2, 4 (CL, AA) Aplica o que sabes 5 (CL) 2, 3, 4 (CL, AA)	O alfabeto. Letras e dígrafos.	Distinguir fonemas de grafías, e recoñecer problemas ortográficos derivados da súa non total correspondencia. Coñecer os fonemas e recoñecer cambios no significado de palabras.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	ACTIVIDADES (COMPETENCIAS)	CONTIDOS	OBXECTIVOS
<b>LINGUA GALEGA/LÉXICO</b>				
CA.5 Coñecer os elementos de formación de palabras e clasificalos en lexemas e morfemas.	EA.5.1 Recoñece os lexemas e morfemas en palabras dadas.	1, 2 (CL, AA) Aplica o que sabes 6 (CL)	A formación de palabras: lexema e morfemas.	Coñecer os elementos de formación de palabras e clasificalos en lexemas e morfemas.  Recoñecer os principais prefixos e sufixos e empregalos correctamente na formación de palabras.
	EA.5.2 Diferencia se unha palabra se compón só de lexema ou de lexema e morfema(s).	2 (CL, AA)		
	EA.5.3 Diferencia os morfemas flexivos dos derivativos e, no primeiro caso, sabe se son de xénero ou número.	3 (SIEE)		
	EA.5.4 Reflexiona sobre a importancia dos morfemas flexivos para dotar de coherencia un enunciado mediante a concordancia.	4 (CL, AA)		
	EA.5.5 Recoñece os principais prefixos e sufixos e emprégaoos correctamente na formación de palabras.	5 (CL) Aplica o que sabes 6 (CL, AA)		
<b>LITERATURA</b>				
CA.1 Coñecer o significado de literatura e comprender outros significados metafóricos, persoais e connotativos.	EA.1.1 Comprende o contido de textos literarios para relacionalos con algunhas definicións connotativas de literatura.	1 e Aplica o que sabes 9 (CL)	A literatura e o seu contexto.  A linguaxe literaria.  A historia literaria.  Os xéneros literarios.	Coñecer o concepto denotativo de literatura e recoñecer a súa percepción subxectiva e individual.  Recoñecer a importancia que posúe o contexto para comprender un texto literario.
	EA.1.2 Recoñece o significado dalgunhas metáforas aplicadas ao feito literario.	2 (CL)		
	EA.1.3 Expresa visual e plasticamente que é a literatura e explícao oralmente.	3 (CEC)		
	EA.1.4 Opina acerca dunha tese sobre a experiencia lectora.	4 (CSC)		
CA.2 Identificar os recursos lingüísticos que caracterizan a lingua literaria.	EA.2.1 Converte a súa experiencia sobre un feito cotián nun texto literario.	5 (CL)		Identificar os trazos da linguaxe literaria fronte á linguaxe común.  Coñecer algunhas figuras literarias sinxelas e frecuentes.
	EA.2.2 Converte nunha noticia o contido dun poema.	6 (CL)		
	EA.2.3 Desenvolve a imaxinación escribindo a páxina dun diario.	7 (CL)		
	EA.2.4 Recoñece figuras literarias nunha canción.	8 e Aplica o que sabes 9 (CSC)		
CA.3 Distinguir xéneros literarios.	EA.3.1 Identifica brevemente os trazos que distinguen cada xénero literario e	9 e Aplica o que sabes 8 (CL, AA)		Recoñecer o gran valor patrimonial que posúe a
<b>CIENCIAS SOCIAIS/XEOGRAFÍA</b>				
CA.1. Explicar as características da poboación de Europa.	EA.1.1 Coñece os conceptos básicos demográficos: taxa de natalidade e mortalidade, crecemento natural, esperanza de vida, densidade de poboación, crecemento real e saldo	1 (CMCT) e Aplica o que sabes 10, 11 (CL, AA)	Europa e o proceso de integración europeo.  Evolución da poboación europea.	Coñecer o proceso de unificación europea.
	EA.1.2 Explica tendencias actuais na demografía europea e as políticas sociais.	Aplica o que sabes 10, 11 (CSC)		

CA.2. Comparar a poboación de distintos países segundo a súa distribución, evolución e dinámica.	EA.2.1 Recoñece rutas migratorias europeas.	2 (CD, CMCT, AA) e Aplica o que sabes 12	Tendencia actual da poboación europea.	Analizar a poboación europea en canto á súa distribución, evolución, dinámica, migracións e políticas
	EA.2.2 Interpreta gráficos de barras referidos a extensión, poboación e densidade en distintos países europeos.	6 (CMCT) e Aplica o que sabes 11 (SIEE)		
CA.3. Diferenciar os diversos sectores económicos europeos.	EA.3.1 Comenta gráfico sectorial de ocupación profesional europea.	3 (CMCT)	Actividades e políticas económicas en Europa. Desigualdades e desequilibrios europeos.	Recoñecer as actividades económicas que se realizan en Europa, nos tres sectores. Identificar as distintas
	EA.3.2 Investiga e realiza un mapa da integración europea, por parellas.	4 (CD) e Aplica o que sabes 13 (SIEE)		
	EA.3.3 Identifica as políticas económicas europeas.	5 (CD) 5, Aplica o que sabes 11 e 13 (CD, AA)		
CA.4. Coñecer o portal da Unión Europea e investigar as funcións das institucións europeas.	EA.4.1 Sabe navegar na rede identificando as institucións europeas e as súas funcións.	7 (CD)	As institucións europeas e as súas funcións.	Entender cal é o papel das distintas institucións europeas.
<b>CIENCIAS SOCIAIS/HISTORIA</b>				
CA.5 Coñecer as formas de vida do Imperio romano e a dos reinos xermánicos.	EA.5.1 Coñece as etapas da historia de Roma.	1, 2 (CD) e Aplica o	A caída do Imperio romano: división política e invasións xermánicas.	Coñecer as etapas da historia de Roma. Entender como era a vida cotiá dos romanos. Comprender os
	EA.5.2 Investiga e rexistra información sobre a domus romana.	3, 5 (CD)		
	EA.5.3 Identifica varios dos pobos invasores e coñece a súa procedencia.	Proxecto final (AA)		
CA.6 Coñecer e caracterizar as etapas da Idade Media.	EA.6.1 Coñece o concepto de Idade Media.	4 (CSC), Aplica o que sabes 15 (CD, SIEE) e Proxecto final (CD)	A Idade Media. Concepto e subetapas da Idade Media.	Caracterizar a Alta Idade Media en Europa e as súas etapas.
CA.7 Comparar as formas de vida do Imperio romano coa dos reinos xermánicos.	EA.7.1 Recoñece os principais reinos xermánicos en imaxes e mapas.	5, 6 (CSC)	Os reinos xermánicos.	Describir a nova situación social, económica e política dos novos reinos xermánicos. Realizar un mural para coñecer e gozar dalgunhas manifestacións culturais e históricas
	EA.7.2 Describe mapas do Imperio carolinxio.	6 (CD, SIEE)		
	EA.7.3 Explica o significado de ruralización.	5 (CSC)		
	EA.7.4 Razona os motivos da coroación relixiosa de Carlomagno.	6 (CSC) e Proxecto final (CSC)		
	EA.7.5 Establece relacións entre os reinos xermánicos e o Imperio romano.	Aplica o que sabes 14 e 16 (SIEE)		
<b>LINGUA CASTELÁ/GRAMÁTICA</b>				
CA.1 Coñecer o valor significativo do substantivo e do adxectivo.	EA.1.1 Selecciona substantivos nun texto e clasifícalos polos seus valores significativos.	1, 4, 8 (CL, AA) e Aplica o que sabes 17 (CL, SIEE)	As palabras. O substantivo, o adxectivo, o determinante e o pronome.	Observar e recoñecer as categorías gramaticais: o substantivo, o adxectivo, o determinante e o pronome. Diferenciar nos seus usos substantivos/ adxectivos determinantes/pronomes
	EA.1.2 Recoñece adxectivos en enunciados e distingue se son explicativos ou especificativos.	2 (CL)		
	EA.1.3 Enriquece o seu vocabulario substituindo palabras por outras cun significado máis preciso e expresións substantivadas por outras máis	3 (CL)		
CA.2 Recoñecer a concordancia entre o substantivo e o adxectivo.	EA.2.1 Descubre e valora a concordancia entre substantivos e adxectivos.	2, 4 (CL, CSC)		

CA.3 Coñecer os valores déicticos do determinante e do pronome en relación ao substantivo.	EA.3.1 Localiza determinantes nun texto así como os substantivos a que acompañan, clasifícaos e valora a súa concordancia.	5, 8 (CL, AA)		
	EA.3.2 Evita a redundancia do substantivo substituíndoo por pronomes e reconece o seu valor estilístico.	6, 7 (CL)		
	EA.3.3 Distingue determinantes de pronomes e explica por que.	Aplica o que sabes 18 (CL, SIEE)		
<b>LINGUA CASTELÁ/ORTOGRAFÍA</b>				
CA.4 Distinguir fonemas de grafías, practicar o soletreo e coñecer as clases de entoación.	EA.4.1 Recoñece que grafías forman problemas ortográficos.	1, 2, 3, 4, 6, 7 (CL, AA)	Fonemas e grafías.	Distinguir fonemas de grafías, e recoñecer problemas ortográficos derivados da súa escasa correspondencia.  Recoñecer a sílaba como unidade fónica e aplicar a
	EA.4.2 Coñece os fonemas e reconece cambios no significado de palabras.	1, 2 (AA)	A sílaba.	
	EA.4.3 Opina sobre a posibilidade de escribir tal e como se pronuncia.	2 (AA)	A entoación.	
	EA.4.4 Sabe silabar unha palabra e distinguir a sílaba tónica.	5 (CL, AA)		
	EA.4.5 Aplica a entoación a un texto.	6, 7 (SIEE, CSC, AA)		
<b>LINGUA CASTELÁ/LÉXICO</b>				
CA.5 Coñecer sucintamente a orixe e a evolución do noso léxico e a creación de palabra novas.	EA.5.1 Recoñece en palabras dadas trazos da súa evolución.	1, 2, 3, 4, 5, 6 (CL, AA)	A orixe de léxico castelán.	Coñecer a orixe das palabras, así como a creación de palabras novas, utilizando o dicionario.
	EA.5.2 Consulta o dicionario para descubrir a antigüidade dalgunhas palabras.	3, 4, 5 (CD)		
	EA.5.3 Sabe como se crearon algunhas palabras novas.	6 (SIEE) e Aplica o que sabes 20 (CL, SIEE)		

UNIDADE 2: APRENDE A ORGANIZARTE

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	ACTIVIDADES (COMPETENCIAS)	CONTIDOS	OBXECTIVOS
<b>LINGUA GALEGA/ORTOGRAFÍA</b>				
CA.4 Coñecer e aplicar as regras xerais de acentuación.	EA.4.1 Clasifica palabras en agudas, graves ou esdrúxulas.	1 (CL, AA)	A acentuación.	Coñecer e aplicar con corrección as regras xerais de acentuación.  Recoñecer o valor do til diacrítico e coñecer os pares diacríticos.
	EA.4.2 Repara na pronunciación específica do galego en palabras concretas.	2 (CL, AA)	Regras xerais de acentuación.	
	EA.4.3 Acentúa correctamente as palabras dun texto.	5 (CL, AA) e Aplica o que sabes 4 (CL, AA)	O til diacrítico.	
CA.5 Recoñecer o valor do til diacrítico e coñecer os pares diacríticos.	EA.5.1 Recoñece as palabras con til diacrítico e xustifica en pares diacríticos a presenza ou ausencia de til.	3 (CL)	Os pares diacríticos.	
	EA.5.2 Aplica o til diacrítico en enunciados.	4, 5 (CL, AA) e Aplica o que sabes 5 (CL, AA)		
<b>LINGUA GALEGA/LÉXICO</b>				
CA.6 Coñecer os tipos de morfemas derivativos: prefixo e sufixos.	EA.6.1 Recoñece os prefixos e sufixos en palabras dadas.	1 (CL, AA) e Aplica o que sabes 6 (CL, AA)	A formación de palabras: prefixos e sufixos.	Coñecer os tipos de morfemas derivativos: prefixos e sufixos.
	EA.6.2 Coñece o significado dos principais prefixos e sufixos.	1, 2 (CL, AA)	Os prefixos.	
CA.7 Comprender a diferenza entre sufixos derivativos e sufixos apreciativos.	EA.7.1 Recoñece a función dos prefixos e sufixos na derivación.	1, 3 (CL, AA)	Os sufixos derivativos.	Comprender a diferenza entre sufixos derivativos e sufixos apreciativos.
	EA.7.2 Crea palabras derivadas con axuda de sufixos. a partir de substantivos e verbos.	3 (CL, AA)	Os sufixos apreciativos.	
<b>LITERATURA</b>				
CA.1 Recoñecer a narración fronte a outras tipoloxías do ámbito literario.	EA.1.1 Xustifica o carácter narrativo dun texto polo punto de vista da narración e o acontecemento narrado.	1 (CL, CEC)	A literatura e o seu contexto.	Coñecer o concepto denotativo de literatura e recoñecer a súa percepción subxectiva e individual.  Recoñecer a importancia que posúe o contexto para comprender un texto literario.  Identificar os trazos da linguaxe literaria fronte á linguaxe común.  Coñecer algunhas figuras literarias sinxelas e frecuentes.  Recoñecer o gran valor patrimonial que posúe a nosa historia da literatura.
	EA.1.2 Identifica nun conto os personaxes, o espazo e o tempo en que ten lugar, e descobre a súa sentenza.	2 (CL, CEC, SIEE)	A linguaxe literaria.	
	EA.1.3 Adapta un conto tradicional á actualidade e leo ante un público.	3 (CL, CEC, SIEE)	A historia literaria.	
	EA.1.4 Identifica nun fragmento narrativo o narrador, o protagonista, o destinatario interno, o personaxe	4, 5, 6 (CL, CEC) e Aplica o que sabes 7 (CL, AA)	Os xéneros literarios.	
	EA.1.5 Identifica a presenza do narrador, do lugar en que acontecen os feitos e as súas características nun fragmento narrativo	7 (CL, CEC)		
	EA.1.6 Aplica os coñecementos sobre a narración ao fragmento dunha lenda.	8 (CL, CEC, AA)		

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	ACTIVIDADES (COMPETENCIAS)	CONTIDOS	OBXECTIVOS
<b>CIENCIAS SOCIAIS/XEOGRAFÍA</b>				
CA.1 Explicar as actividades económicas españolas.	EA.1.1 Analiza a evolución da economía española.	1 (CL, CMCT, AA)	Evolución da economía española.	Explicar os trazos da economía española actual.
	EA.1.2 Distingue as actividades económicas que pertencen a cada sector económico e describe as súas características.	2, 3, 4 (CL, AA), 5 (CL, CD, AA ), 6 (CMCT) e Aplica o que sabes 8 e 9 (CL, AA)	O sector primario. O sector secundario.	Recoñecer as actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos.
CA.3 Identificar as paisaxes transformadas españolas.	EA.3.1 Recoñece os elementos das paisaxes naturais e transformadas.	7 (CL, AA) e Aplica o que sabes 10 (CL, AA)	As paisaxes.	Identificar os elementos das paisaxes.
	EA.3.2 Diferencia as principais paisaxes que existen en España.	8 (CL, AA) e Técnica de traballo (CL, CSC, AA)	As paisaxes transformadas españolas.	Coñecer as características das principais paisaxes transformadas españolas.
	EA.3.3 Distingue as características de cada unha das paisaxes transformadas que existen en España.	9 (CL, CSC, AA), 10 (CL, CSC, CMCT, AA), Aplica o que sabes 15 (CL, AA)		
<b>CIENCIAS SOCIAIS/HISTORIA</b>				
CA.4 Coñecer as características do feudalismo.	EA.4.1 Describe que é o feudalismo.	1 e Aplica o que sabes 11 (CL, AA, CEC)	O feudalismo: orixe, economía, sociedade e o castelo.	Explicar que é o feudalismo.
	EA.4.2 Recoñece a organización dun feudo.	2, Aplica o que sabes 12 (CL, AA, CEC) e Proxecto final (AA,		Describir a organización feudal nos seus aspectos socioeconómicos.
	EA.4.3 Explica como é a sociedade feudal.	3, 4 e Aplica o que sabes 13 (CL, CSC, AA, SIEE, CEC)		Identificar os estamentos feudais.
	EA.4.4 Analiza os castelos medievais e distingue as súas partes.	5, 6 (CL, CSC, AA, SIEE, CEC), Aplica o que sabes 14 (CL, CSC, AA,		Recoñecer os castelos medievais e as súas partes.
	EA.4.5 Investiga acerca dos torneos medievais e explica en que consistían.	7 (CL, CSC, CD, AA, SIEE, CEC)		
CA.5. Identificar as principais ordes relixiosas e recoñecer as partes e funcións dun mosteiro medieval.	EA.5.1 Explica a diferenza entre o clero secular e o regular.	8 (CL, AA)	A Igrexa, ordes monásticas, o mosteiro e a cultura.	Describir o papel da Igrexa durante o feudalismo.
	EA.5.2 Describe as funcións e as partes dos mosteiros.	9, 10, Aplica o que sabes 14 (CL, CSC, AA, CEC) e Proxecto final		Explicar a división do clero.
	EA.5.3 Identifica as principais ordes relixiosas medievais e algúns dos seus trazos.	11 (CL, AA, CEC)		Distinguir os mosteiros medievais e recoñecer as súas partes.
	EA.5.4 Analiza a cultura medieval.	Aplica o que sabes 14 (CL, AA, SIEE, CEC)		Distinguir as ordes
<b>LINGUA CASTELÁ/GRAMÁTICA</b>				
CA.2 Identificar distintas funcións semánticas nunha oración.	EA.2.1 Investiga que funcións semánticas expresan algúns sintagmas destacados.	2 (CL) e Aplica o que sabes 16 (CL)	A oración xustaposta.	Analizar as distintas funcións semánticas nunha oración.  Coñecer os conceptos de coordinación, xustaposición e subordinación.  Recoñecer o uso dalgúns signos de puntuación na xustaposición.
	EA.2.2 Recoñece a necesidade semántica dalgúns verbos.	3 (CL)	A oración subordinada.	
	EA.2.3 Identifica nun texto as accións, quen as realiza, sobre que obxectos e baixo que circunstancias.	4 (CL)		
CA.3 Distinguir oracións simples de compostas.	EA.3.1 Identifica a intención comunicativa en oracións coordinadas.	6, 7 (CL)		Identificar os nexos na coordinación e na subordinación.
	EA.3.2 Recoñece os nexos da coordinación e sabe substituílos por signos de puntuación.	8 (CL) e Aplica o que sabes 17 (CL)		
	EA.3.3 Escribe un texto expositivo con diferentes tipos de oracións compostas.	10 (CL, AA, CD, SIEE)		
CA.4 Distinguir semanticamente distintos tipos de oracións compostas e os seus nexos.	EA.4.1 Recoñece distintos valores semánticos da oración subordinada.	9 (CL)		
	EA.4.2 Sabe onde empeza e onde acaba unha oración simple e unha composta.	11 (CL, SIEE)		
	EA.4.3 Localiza os nexos que relacionan dúas accións nunha oración composta.			
CA.5 Utilizar os signos de puntuación na xustaposición.	EA.5.1 Recoñece casos de xustaposición nun texto dado.	8 (CL)		

LINGUA CASTELÁ/ORTOGRAFÍA

CA.6 Recoñecer as normas ortográficas para a escritura de <i>h, ll, y, g, j, x</i> .	EA.6.1 Aplica dentro dun contexto o uso de <i>a, ah, ha, a ver</i> e <i>haber</i> .	1 (CL)	A ortografía de <i>h, ll, y, g, j, x</i> .	Coñecer as normas para a escritura de <i>h, ll, y, g, j, x</i> .
	EA.6.2 Xustifica o uso do <i>h</i> en palabras dadas.	2 (CL) e Aplica o que sabes 18 (CL)		
	EA.6.3 Xustifica o uso de <i>ll</i> nos diminutivos.	3 (CL)		
	EA.6.4 Xustifica o uso de <i>y</i> en palabras dadas.	4 (CL)		
	EA.6.5 Aplica a norma do <i>j</i> en formas verbais.	5 (CL)		
	EA.6.6 Aplica as normas de <i>g</i> ou <i>j</i> en palabras mutiladas.	6 (CL) e Aplica o que sabes 18 (CL)		
	EA.6.7 Aplica as normas de <i>g, gu, gü</i> en palabras mutiladas.	7 (CL)		
	EA.6.8 Aplica as normas de <i>x</i> en palabras dadas.	8 (CL)		

	EA.6.9 Aplica as regras coñecidas nun texto.	9 (CL, CSC)		
<b>LINGUA CASTELÁ/LINGUA E SOCIEDADE</b>				
CA.7 Coñecer a variedade xeográfica do español.	EA.7.1 Recoñece algúns trazos do español de América nun texto arxentino.	1 (CL, CSC)	As variedades xeográficas, situaciónais e sociais da lingua.	Coñecer o concepto de variedade lingüística.  Coñecer algúns trazos do español de América.  Distinguir o rexistro coloquial do culto e os seus usos situaciónais.  Coñecer o concepto de xerga.
CA.8 Coñecer os usos da lingua en distintas situacións e diferentes ámbitos sociais.	EA.8.1 Recoñece os trazos coloquiais da lingua oral nun texto.	2 (CL)		
	EA.8.2 Escribe un texto con rexistro coloquial.	3 (CL, AA) e Aplica o aprendido 19		
	EA.8.3 Adapta un texto coloquial a un texto cun rexistro máis formal.			
	EA.8.4 Identifica nun texto palabras que pertencen a unha xerga profesional.	4 (CL)		
	EA.8.5 Prepara unha enquisa para un programa de televisión sobre a evolución e desaparición da xerga xuvenil.	5 (CL, SIEE, CEC)		

## UNIDADE 6: VIVIR AO AIRE LIBRE

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	ACTIVIDADES (COMPETENCIAS)	CONTIDOS	OBXECTIVOS
<b>COMUNICACIÓN/COMPRESIÓN E EXPRESIÓN</b>				
CA.1 Ler e comprender un texto.	EA.1.1 Comprende o sentido global dun texto.	1 (CL, AA)	Lectura.	Comprender un texto a partir da súa lectura previa e analítica para extraer información.  Comprender o sentido literal e inferente dun texto.  Expresar por escrito experiencias persoais.
	EA.1.2 Identifica a relevancia que achega o punto de vista na narración.	2 (CL, AA)	Comprensión interpretativa textual.	
	EA.1.3 Recoñece enunciados importantes en relación co tema do texto.	3 (CL, AA, CSC)	Expresión escrita.	
CA.2 Interpretar e producir textos escritos.	EA.2.1 Interpreta máis alá do sentido literal do texto.	4 (CL, CSC, SIEE)		
	EA.2.2 Escribe un texto achegando unha interpretación persoal sobre unha experiencia persoal similar á do texto lido.			
<b>COMUNICACIÓN/COMUNICACIÓN</b>				
CA.3 Coñecer o concepto de argumentación e recoñecer a intención comunicativa.	EA.3.1 Recoñece a intención comunicativa da argumentación.	1 (CL, AA)	Argumentación.  Clases de textos argumentativos.	Recoñecer a intención comunicativa da argumentación.
CA.4 Distinguir os trazos lingüísticos propios da argumentación, así como a súa estrutura.	EA.4.1 Descobre a tese nun texto persoal.	2 (CL, AA, SIEE, CSC) e Aplica o que sabes 1	Estrutura dun texto argumentativo.	Coñecer os tipos de textos argumentativos do ámbito social, xornalístico e literario.  Identificar as partes dun texto argumentativo.
	EA.4.2 Descobre razóns e exemplos para defender unha tese.		A preparación dun texto argumentativo.	
	EA.4.3 Localiza nun ensaio a tese do autor.			
	EA.4.5 Recoñece os trazos lingüísticos da argumentación subxectiva nun ensaio.	Aplica o que sabes 2		Coñecer os trazos lingüísticos propios da argumentación.

CA.5 Aplicar as características da argumentación na creación de textos.	EA.5.1 Prepara un debate sobre a educación física.	2 (CL, AA, SIEE)		Aprender a preparar un texto argumentativo.
	EA.5.2 Organiza e participa nun debate.	Técnicas de traballo (CL, AA, SIEE)		
<b>LINGUA GALEGA/GRAMÁTICA</b>				
CA.1 Recoñecer a función de complemento directo na cláusula e os pronomes átonos que funcionan como CD.	EA.1.1 Localiza os complementos directos existentes nun texto.	1 (CL, AA) e Aplica o que sabes 3 (CL, AA)	O complemento directo. Como recoñecer o CD.	Recoñecer a función de complemento directo na cláusula e os pronomes átonos que funcionan como CD.
	EA.1.2 Sinala as unidades que desempeñan a función de CD nun texto.	1 (CL, AA)	Unidades que desempeñan a función de CD.	
	EA.1.3 Substitúe os CD dun texto polos pronomes que corresponda.	1 (CL, AA)		Recoñecer a función de complemento indirecto na cláusula e os pronomes átonos que funcionan como CI.
CA.2 Recoñecer a función de complemento indirecto na cláusula e os pronomes átonos que funcionan como CI.	EA.2.1 Identifica e substituír polos pronomes correspondentes os complementos indirectos de cláusulas dadas.	2 (CL, AA) e Aplica o que sabes 4 (CL, AA)	Pronomes átonos que funcionan como CD. O complemento indirecto.	Recoñecer a función de complemento indirecto na cláusula e os pronomes átonos que funcionan como CI.
CA.3 Recoñecer a función de complemento circunstancial na cláusula e as unidades que a desempeñan.	EA.3.1 Identifica en cláusulas os complementos circunstanciais, indica de que tipo son e recoñece as unidades que realizan esa función.	3 (CL, AA) ) e Aplica o que sabes 5 (CL, AA)	Como recoñecer o CI. Unidades que desempeñan a función de CI.	Recoñecer a función de complemento circunstancial na cláusula e as unidades que a desempeñan.
<b>LINGUA GALEGA/ORTOGRAFÍA</b>				
CA.4 Recoñecer as normas ortográficas do punto, a coma, o punto e coma e os dous puntos, para aplicalas aos escritos.	EA.4.1 Detecta os erros de comprensión que se producen en enunciados mal puntuados.	1 (CL, AA)	Normas ortográficas do punto, a coma, o punto e coma e os dous puntos.	Recoñecer as normas ortográficas do punto, a coma, o punto
	EA.4.2 Aplica as normas de puntuación en textos e enunciados.	2, 3, 4, 5, 6 (CL, AA) e Aplica o que sabes 6 (CL, AA)		e coma e os dous puntos, para aplicalas aos escritos.
<b>LINGUA GALEGA/LINGUA E SOCIEDADE</b>				
CA.5 Coñecer e aplicar ao caso galego os conceptos de lingua minorizada e lingua minoritaria.	EA.5.1 A partir da lectura de gráficos deduce cal é a lingua maioritaria en Galicia, compara esa situación coa de dez anos atrás e reflexiona sobre as causas dos cambios de usos lingüísticos detectados.	1 (CL, AA, CSC, CEC, CMCT)	Linguas minoritarias e minorizadas. O caso galego.	Coñecer e aplicar ao caso galego os conceptos de lingua minorizada e lingua minoritaria.
	EA.5.2 Reflexiona sobre a lingua galega como lingua minorizada a partir da análise dos seus usos en diversos ámbitos sociais.	2 (CL, AA, CSC, CEC, CMCT)		
	EA.5.3 Aplica os conceptos de lingua minoritaria e minorizada a casos reais, como pode ser o do maltés.	3 (CL, AA, CSC, CEC, CMCT) e Aplica o que sabes 7		
<b>LITERATURA</b>				
CA.1 Ler, comprender e recoñecer todos os trazos narrativos de <i>El monte de las ánimas</i> .	EA.1.1 Identifica a postura do narrador nas partes da lenda de Bécquer.	1 (CL, CEC)	A lectura persoal: <i>El monte de las ánimas</i> , de Gustavo Adolfo Bécquer.	Ler e coñecer a fondo o carácter narrativo dunha lenda de Bécquer.
	EA.1.2 Resume unha historia contida na lenda.	2 (CL, AA, CEC)		
	EA.1.3 Valora o final da lenda para facela máis crible.	3 (CL, AA, CEC)		
	EA.1.4 Identifica os trazos dos personaxes protagonistas.	4 (CL, CEC)		
	EA.1.5 Identifica os trazos doutros personaxes.	5 (CL, CEC)		
	EA.1.6 Describe o espazo en que se desenvolve parte da acción.	6 (CL, CEC)		

	EA.1.7 Localiza elementos románticos que ambientan a acción.	7 (CL, AA, CEC)		
	EA.1.8 Descubre o feito que desencadea o nó.	8 (CL, CEC)		
	EA.1.9 Resume o contido da lenda e sabe estruturalo.	9 (CL, AA, CEC)		
CA.2 Ler, comprender e recoñecer todos os trazos poéticos do poema «Irmaus» de Celso Emilio Ferreiro.	EA.2.1 Recoñece a estrutura do contido do poema de Celso Emilio.	1 (CL, CEC)	A lectura persoal: «Irmaus», de Celso Emilio Ferreiro.	Ler e coñecer a fondo o carácter poético dun poema de Celso Emilio Ferreiro.
	EA.2.2 Identifica ao narrador do poema.	2 (CL, CEC)		
	EA.2.3 Recoñece no poema o destinatario do poema.	3 (CL, AA, CEC)		
	EA.2.4 Reflexiona sobre a vixencia do poema.	4, 5 (CL, CEC, CSC)		
	EA.2.5 Identifica exemplos de anáfora no poema.	6 (CL, CEC)		
	EA.2.6 Identifica exemplos de paralelismo no poema.	7 (CL, AA, CD, CEC)		
	EA.2.7 Identifica exemplos de metáfora no poema.	8 (CL, CEC)		
	EA.2.8 Recita o poema en voz alta.	9 (CL, AA, CEC)		
CA.3 Ler, comprender e recoñecer todos os trazos teatrais de <i>Cuatro corazones con freno y marcha atrás</i> .	EA.3.1 Recoñece accións secundarias na comedia de Jardiel Poncela.	1 (CL, CEC)	A lectura persoal: <i>Cuatro corazones con freno y marcha atrás</i> , de Enrique Jardiel Poncela.	Ler e coñecer a fondo o carácter dramático dunha comedia de Enrique Jardiel Poncela.
	EA.3.2 Descubre o significado do título desta comedia.	2 (CL, AA, CEC)		
	EA.3.3 Identifica nos diálogos os temas da obra.	3 (CL, AA, CEC)		
	EA.3.4 Valora a utilidade dos monólogos para comprender o sentido da obra.	4 (CL, CEC)		
	EA.3.5 Comprende o relevante papel de Emiliano no conxunto e sentido da obra.	5 (CL, CEC)		
	EA.3.6 Valora a función dos personaxes secundarios.	6 (CL, CEC)		
	EA.3.7 Interpreta as esixencias das anotacións para montar un decorado.	7 (CL, CEC)		
	EA.3.8 Resolve complicadas escenas para levalas a un escenario.	8 (CL, CEC)		
	EA.3.9 Recoñece o carácter «absurdo» desta comedia.	9 (CL, CEC)		
	EA.3.10 Reflexiona sobre o tema central da comedia.	10 (CL, CSC, CEC)		
CA.4 Crear unha opinión formada sobre os xéneros literarios.	EA.4.1 Xustifica algunha preferencia sobre os xéneros literarios.	Aplica o que sabes 8	Os xéneros literarios.	Opinar sobre os xéneros literarios.  Recomendar unha lectura.
	EA.4.2 Recomenda unha lectura literaria con razóns convincentes e coitando a coherencia, a cohesión e a adecuación.	Aplica o que sabes 9		
CIENCIAS SOCIAIS/XEOGRAFÍA				
	EA.1.1 Elabora un esquema acerca dos factores ambientais.	1 (CL, CSC, CMCT, AA, SIEE)		

CA.1 Coñecer e analizar a situación do medio ambiente español.	EA.1.2 Analiza as orixes da degradación ambiental en España, en especial o risco de sismicidade, e a pegada ecolóxica do alumno.	2 (CL, CD, AA, CSC, CMCT, SIEE) e 3 (CL, AA, CSC, SIEE, CEC) e	O medioambiente en España.  Riscos	Coñecer a situación do medio ambiente español.  Tomar conciencia da
CA.2 Analizar os danos ambientais españois, a súa orixe e a forma de afrontalos.	EA.2.1 Explica os problemas ambientais máis importantes que existen en España e analiza un gráfico que representa un  EA.2.2 Recoñece as crises ambientais máis graves acontecidas nas últimas décadas en España e indaga sobre elas.	4 (CL, AA), 6 (CL, AA, CSC, CMCT, SIEE, CEC) e Aplica o que sabes 10 (CL, CSC, CD, AA, SIEE)	Os danos e as crises medioambientais en España.	Identificar os principais problemas ambientais e as crises máis importantes acontecidas en España.
CA.3 Coñecer, valorar e analizar os principios do desenvolvemento sostible.	EA.3.1 Define e explica que é o desenvolvemento sostible, que supón, as súas repercusións, actuacións, etc.	7, 8, 9, 10 (CL, CSC, AA, SIEE),  11 (CL, CSC, CMCT,	Desenvolvemento sostible.	Coñecer e valorar a importancia do desenvolvemento
CA.4 Identificar os principais espazos naturais españois.	EA.4.1 Analiza, distingue, localiza e valora a importancia e transcendencia dos principais espazos protexidos.	(CL, CSC, AA, CD, SIEE, CEC),  (CL, CSC, AA, SIEE, CEC),  Aplica o que sabes 12 (CL, CSC, AA, CD, SIEE) e 13 (CL, CSC, CMCT, AA,	Os espazos naturais protexidos en España.	Coñecer, valorar e defender os espazos naturais protexidos españois.
<b>CIENCIAS SOCIAIS/HISTORIA</b>				
CA.5 Identificar a orixe da arte románica e as súas características principais.	EA.5.1 Explica que é a arte románica e recoñece a importancia das rutas de peregrinación.  EA.5.2 Identifica as características principais da arquitectura románica e indaga en Internet.  EA.5.3 Explica as características principais da escultura románica e a súa función didáctica.  EA.5.4 Distingue as características principais da pintura románica e a súa función didáctica.	1 (CL, AA, CSC, CEC),  10 (CL, AA, CSC, CMCT, SIEE, CEC) e Aplica o que sabes 14 (CL, AA, SIEE, CEC), 4 (CL, AA, CSC, CEC), 4 (CL, CSC, CD, AA, SIEE, CEC), 7 (CL, AA, CSC, SIEE, CEC),  10 (CL, AA, CSC, CMCT,  3 (CL, AA, CEC)  3 (CL, AA, CEC)	A arte románica.	Entender a orixe e o proceso de expansión da arte románica.  Identificar as características principais da arquitectura, escultura e pintura románicas.  Coñecer o románico do propio ámbito.  Valorar a importancia do patrimonio cultural e artístico medieval.
CA.6 Recoñecer a orixe da arte gótica e as súas características principais	EA.6.1 Analiza a orixe da arte gótica, recoñece os trazos principais da arquitectura e enumera os edificios máis importantes.  EA.6.2 Recoñece as características principais da escultura gótica e identifica as partes dunha portada.	5, (CL, AA),  7 (CL, AA, CSC, SIEE, CEC), 10 (CL, AA, CSC, CMCT, SIEE, CEC) e  Aplica o que sabes 14 (CL, AA, SIEE, CSC, CEC)  6 (CL, AA, CSC, SIEE, CSC)	A arte gótica.	Coñecer a orixe da arte gótica e os seus trazos principais.  Valorar a importancia do patrimonio cultural e artístico medieval.



CA.7 Identificar as características da arte mudéxar.	EA.7.1 Explica as características da arte mudéxar.	8 (CL, AA, CSC, CEC), 10 (CL, AA, CSC, CMCT, SIEE, CEC)	A arte mudéxar.	Coñecer a arte mudéxar.  Valorar a importancia do patrimonio cultural e artístico medieval.
CA.8. Recoñecer os trazos principais da arte nazarí e a súa principal construción.	EA.8.1 Analiza as características da arte nazarí e da Alhambra.	9 (CL, CSC, AA, SIEE, CEC), 10 (CL, AA, CSC, CMCT, SIEE, CEC)	A arte nazarí e a Alhambra.	Identificar a arte nazarí.  Valorar a importancia do patrimonio cultural e artístico medieval.
CA.9 Recoñecer as principais manifestacións e características da arte románica en Galicia, especialmente do Pórtico da Gloria compostelán.	EA.9.1 Busca información sobre arquitectura románica en Galicia e, nomeadamente, sobre o Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago de Compostela.	4 e aplica o que sabes 16	A arte románica galega.	Recoñecer as principais manifestacións e características da arte románica en Galicia, especialmente do Pórtico da Gloria compostelán.
<b>LINGUA CASTELÁ/GRAMÁTICA</b>				
CA.1 Recoñecer a importancia do contexto e da intención comunicativa do emisor para o sentido dun texto.	EA.1.1 Dota de sentido a enunciados pensando nun contexto.	1 (CL, AA)	O texto.	Coñecer o concepto de texto e a importancia que adquire o contexto para o seu sentido.  Recoñecer a intención comunicativa .
	EA.1.2 Descubre o contexto para descubrir a intencionalidade comunicativa do emisor nun texto.	2 (CL, AA)	Clases de textos.  As propiedades dos textos: coherencia, cohesión e adecuación.	
CA.2 Analizar a coherencia dun texto.	EA.2.1 Recoñece fallos de coherencia nun texto.	3 (CL)		Comprender a necesidade da coherencia para organizalo.  Coñecer que trazos lingüísticos dotan de cohesión un texto.
	EA.2.2 Sinala as partes en que se organiza un texto.	4 (CL, CMCT)		
	EA.2.3 Organiza a información dun texto.	6 (CL, AA)		
	EA.2.4 Define coherencia.	Aplica o que sabes 17		
CA.3 Analizar a cohesión dun texto.	EA.3.1 Identifica expresións que relacionan unhas ideas con outras dentro dun texto.	5 (CL, AA)		
	EA.3.2 Recoñece palabras importantes e sinónimos dentro dun texto.	4 (CL)		
	EA.3.3 Recoñece os trazos lingüísticos que dotan de cohesión un texto.	6 (CL)		
	EA.3.4 Escribe un texto con coherencia e cohesión.	7 (CL, AA, SIEE)		
	EA.3.5 Define cohesión.	Aplica o que sabes 17		
CA.4 Analizar a adecuación dun texto.	EA.4.1 Identifica o destinatario ao que vai dirixido un texto.	4 (CL)		
	EA.4.2 Define adecuación.	Aplica o que sabes 17		
<b>LINGUA CASTELÁ/ORTOGRAFÍA</b>				
CA.5 Recoñecer as normas ortográficas, para aplicalas aos escritos: os puntos, a coma, os signos de interrogación e exclamación, o guión e a raia, as parénteses e as comiñas.	EA.5.1 Aplica as normas do punto e seguido nun texto.	1 (CL) e Aplica o que sabes 18	Os signos de puntuación.	Coñecer a norma para a aplicación dos puntos, a coma, os signos de interrogación e exclamación, o guión e a raia, as parénteses e as comiñas.
	EA.5.2 Xustifica o uso da coma en varios enunciados.	2 (CL) e Aplica o que sabes 18		
	EA.5.3 Xustifica o uso das parénteses, as raia e os signos de interrogación nun texto.	3 (CL) e Aplica o que sabes 18		
	EA.5.4 Recoñece a coherencia polo uso correcto dos signos de puntuación.	4 (CL) e Aplica o que sabes 18		

	EA.5.5 Xustifica o uso de comiñas en enunciados dados.	5 (CL) e Aplica o que sabes 18		
	EA.5.6 Recoñece cambios de significado polo uso da coma nun texto dado.	6 (CL, CSC) e Aplica o que sabes 19		

## 6. CONTIDOS MÍNIMOS. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.

- Elabora, cun grado aceptable de corrección, os diferentes tipos de texto traballados nos cursos de maneira oral e escrita.
- Sabe situar cronoloxicamente os principais acontecementos históricos e artísticos entre a civilización romana e a Idade Media.
- Comprende a organización da Unión Europea, a organización territorial de España e de Galicia coma comunidade autónoma.
- Sabe analizar a evolución da poboación europea, española e galega ao longo da historia (as migracións)
- É quen de analizar as actividades dos distintos sectores económicos de España.
- Sabe explicar os danos ambientais e o desenvolvemento sostible.
- Desenvólvese con soltura buscando información en diferentes soportes: dixitais, papel...
- Mostra unha actitude positiva e comprometida cara ó traballo na aula e na casa, amósase respectuoso cara ao profesorado e cara aos compañeiros/as.
- Redacta con coherencia, cohesión e adecuación.
- Respecta as normas de acentuación, ortografía e puntuación.
- Comprende textos de diferente tipo e expresa correctamente as súas ideas.
- Recoñece as clases de palabra e úsaas correctamente cando escribe. É quen de explicar o significado de palabras.
- Le e comprende as obras de lectura ou fragmentos literarios.

## 7. LIÑAS METODOLÓXICAS

Os PMAR esixen un método de traballo diferencial no desenvolvemento dos contidos. No desenvolvemento cotián do traballo, eminentemente práctico, será fundamental a participación activa do alumnado. Os obxectivos e os contidos estarán enfocados á procura de competencias básicas de saber facer (comprensión escrita e oral, expresión escrita e oral), saber ser e saber estar.

Deste xeito, as liñas metodolóxicas serán as seguintes:

- **Motivación:** mediante traballos e proxectos lúdicos.
- **Traballo individual:** favorecer o desenvolvemento persoal a través de actividades que fomenten a lecto-escritura, caligrafía, presentación, organizacións. As técnicas de traballo encamiñaranse a mellorar a aprendizaxe persoal.
- **Traballo grupal:** mediante a aprendizaxe cooperativa, para mellorar a responsabilidade individual, as habilidades interpersoais, propóranse proxectos en común.
- **Atención á diversidade.** A través do seguimento diario, anticipándose ás dificultades do alumnado no desenvolvemento do traballo e na consecución dos obxectivos. Propóranse en cada necesidade detectada a consecución duns mínimos e a recuperación de obxectivos mediante a aplicación de técnicas e tarefas concretas.
- **Integración das TICS** en todas as actividades de galego, castelán, xeografía e historia, en proxectos en común e traballos de investigación . Recomendaranse páxinas fiables.
- **Intelixencias múltiples.** Desenvolverase a intelixencia lingüístico-verbal e a competencia social a través dos debates.

## 8. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL. REFORZO, RECUPERACIÓN E MEDIDAS METODOLÓXICAS.

Tal e como se sinalou máis arriba, e como dita a lei, nas primeiras semanas de curso realizaremos unha avaliación inicial que tomaremos como punto de partida para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que sexan necesarias para cada alumna ou alumno.

Para a realización desta avaliación utilizaremos os seguintes procedementos e instrumentos:

- Analizaranse os informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- Terase en conta a información proporcionada polo profesorado de cursos anteriores e titores, así como a achegada polo Departamento de Orientación sobre o alumnado con dificultades de aprendizaxe.
- Realizarase unha proba escrita para saber os coñecementos previos do alumnado, o seu grao de desenvolvemento das competencias clave e a súa situación persoal no curso que comeza.
- Presentaremos unha proba de avaliación inicial que se centre na análise daqueles elementos que resultan imprescindibles para aprendizaxes posteriores. Por isto, na proba de avaliación trataremos de valorar:
  - A competencia do alumnado en comprensión escrita e oral.
  - A competencia do alumnado en expresión escrita e oral.

A proba presentará a seguinte estrutura:

1. Lectura dun texto xornalístico ou doutro tipo que aborde un tema de actualidade con interese para o alumnado.
2. Identificación das ideas principais deste texto, resumo e preguntas guiadas.
3. Comentario oral sobre aspectos do texto que o alumnado considere interesantes.
4. Audición dun texto e preguntas sobre o mesmo.

Con base nos datos obtidos nesta avaliación inicial, e tendo en conta que todo o alumnado debería poder lograr un bo desenvolvemento das súas competencias e conseguir os obxectivos da etapa, segundo os resultados acadados, seguiranse algunhas destas estratexias:

- Acordar co resto do profesorado, en especial co das linguas, medidas de reforzo conxuntas.
- Informar á familia para que colabore na execución desas medidas.

- Entrevistarse co alumnado para que se implique no seu progreso e colabore para mellorar a súa aprendizaxe.
- Propor tarefas de reforzo, individuais ou grupais, para tratar de resolver os problemas de aprendizaxe que se presenten.
- Adecuar a metodoloxía e os procedementos de avaliación á diversidade que hai na aula; polo tanto, adaptaranse os traballos, tarefas, actividades, probas... ás necesidades do alumnado; como resultado, tamén se adecuarán os criterios de cualificación.
- Esixirase, contando coa colaboración das familias, uns hábitos de traballo axeitados para conseguir un mellor rendemento.

## 9. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN. INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

A nota final obterase a partir dos seguintes instrumentos e procedementos de avaliación:

- **Probas escritas:** servirán para avaliar en que medida o alumnado acadou os obxectivos propostos e se adquiriu ou non os contidos sinalados. Haberá unha proba para cada unha das disciplinas que conforman o ámbito e para obter a nota final farase unha media aritmética entre as tres, a cal se corresponderá co 50% da nota final.
- **Proxectos e traballos.** Serán recorrentes en cada avaliación e tentarán que o alumnado leve á práctica os contidos teóricos, favorecendo así o “aprender facendo”. Contarán un 30% da nota final.
- **Probas de lectura.** O alumnado deberá ler, polo menos, un libro cada trimestre. A súa avaliación realizarase mediante unha proba que contará un 10% da nota final.
- **Participación.** Valorarase cun 10% a implicación do alumnado na clase, o seu esforzo e a súa disposición cara á materia.

## 10. ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

O alumnado que forma parte deste grupo de PMAR (2º ESO. 1º NIVEL) procede de 1º ESO cursado no IESP de Ames, agás un repetidor.

A repetición dunha área ou materia pendente, que inicialmente tería como obxectivo recuperar o alumnado que non alcanza os coñecementos mínimos nela, convértese moitas veces nunha traba, polo que este Departamento pensa que o primeiro que debe facer o profesor/a é buscar as causas desa repetición e tratará de devolverlle a ese alumnado a autoestima e a confianza en si mesmo e ante o resto do grupo, ó mesmo tempo que seguirá moi de preto a súa evolución académica.

Neste sentido, o/a docente impartirá as aprendizaxes propias deste ámbito tendo en conta as posibles lagoas/dificultades que poida ter o alumnado coas materias de Xeografía e Historia, Lingua galega e/ou Lingua castelá pendentes. Non se trata de que o alumnado con algunha destas materias pendentes teña un traballo engadido, senón de que en momentos puntuais reciba unha atención individualizada e realice unhas tarefas de reforzo e recuperación, deseñadas polo profesor/a, que lle permitan realizar unha aprendizaxe significativa dos contidos do ámbito deste curso.

Deste modo, calquera alumno ou alumna que aprobe o Ámbito sociolingüístico de 2º PMAR superará as materias pendentes de cursos anteriores incluídas nel.

## 11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRACTICA DOCENTE.

Para avaliar a nosa práctica docente, utilizaremos unha enquisa de avaliación docente que combina escalas de indicadores de logro con cuestións abertas, para permitirlle ao alumnado introducir aspectos sobre os que non é cuestionado e lle gustaría reflectir. As cuestións versan sobre tres aspectos:

- A actividade docente: planificación das clases, metodoloxía empregada, atención á diversidade, calidade da relación co alumnado...
- As materias do ámbito: apreciación ou non da súa utilidade, grao de dificultade, ensinanzas asimiladas...

- A avaliación: axustada ao programado, variedade de procedementos...

<b>SOBRE O PROFESORADO E A SÚA ACTIVIDADE DOCENTE</b>		
1.	O profesorado deste ámbito explica con claridade.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
2.	O profesorado é ordenado e sistemático nas súas exposicións.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
3.	É doado tomar apuntamentos con este profesorado.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
4	O profesorado amosa, coas súas explicacións, que preparou as clases.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
5	O profesorado demostra un bo dominio das materias que explica.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
6	O profesorado insiste nos aspectos máis importantes e nos de difícil comprensión.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
7	O profesorado consegue manter a miña atención durante as clases.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
8	O profesorado procura saber se entendemos o que explica.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
9	O profesorado amósase disposto a axudar aos estudantes que teñen dificultades.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
1	O trato persoal que recibín por parte do profesorado foi sempre correcto.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
1	Non tería ningún reparo en ir pedir consello a este profesorado fóra de clase.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
1	O profesorado ten un verdadeiro interese polo estudantado.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
1	Gustárame recibir clase outra vez con este profesorado.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
<b>O que máis che gustou do profesorado e das súas clases:</b>		
<b>O que consideras que o profesorado debería cambiar ou mellorar:</b>		
<b>Nota media do profesorado (do 1 ao 10):</b>		
<b>Consideras de utilidade os materiais empregados? SI / NON</b>		
<b>Outros aspectos que queres facer constar sobre o profesorado:</b>		

**SOBRE O ÁMBITO SOCIOLINGÜÍSTICO**

14	Adquirín coñecementos e competencias útiles con este ámbito.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
15	Aprendín e asimilei contidos ou competencias máis alá da aprendizaxe memorística.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
16	O temario é accesible ao nivel do alumnado.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>

**Que consideras que foi o máis útil do traballado neste ámbito?**

**Que consideras que foi o menos útil do traballado neste ámbito?**

**SOBRE A AVALIACIÓN DO ÁMBITO**

17	As probas de avaliación ámbito correspóndense co nivel explicado.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
18	O método de avaliación é xusto.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
19	A corrección das probas escritas é axeitada.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>
20	A cualificación obtida neste ámbito axústase aos coñecementos demostrados.	1 <input type="checkbox"/> 2 <input type="checkbox"/> 3 <input type="checkbox"/> 4 <input type="checkbox"/>

**Outros aspectos que queres facer constar:**

**12. LIBROS DE LECTURA. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.**

En canto aos libros de lectura, haberá unha proposta obrigatoria por trimestre, en galego e castelán, que se poderá facer na propia aula se o considerase así o profesor. Ademais, ofrecerase un listado de lecturas voluntarias que os alumnos/as poderán ler e que se lles terán en conta sumando até un máximo de 0,5 puntos á nota final de avaliación. En canto ás obrigatorias, estableceranse no seu momento os máis axeitados en función do perfil e diversidade do alumnado.



### 13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Entendemos que cada alumno/a é diferente aos demais atendendo aos seus coñecementos previos, experiencias, ritmo de traballo e aprendizaxe, etc., e todo isto afecta ao proceso de ensino-aprendizaxe, polo que debemos educar na diversidade e para a diversidade.

Á hora de establecer as medidas de atención á diversidade e inclusión, na avaliación inicial recompilarase, en primeiro lugar, diversa información este **grupo de alumnos** e alumnas; como mínimo, debe coñecerse a relativa a:

- funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares e aos aspectos competenciais.
- As necesidades que se puidesen identificar; cómpre pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos, se fose o caso.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Pero ademais, a avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón tamén información acerca de diversos **aspectos individuais** dos/as nosos/as estudantes. A partir desta información:

- Identificaremos os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas especiais, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica, adaptando as propostas dos protocolos sobre atención á diversidade elaborados pola Consellería de Educación.

- Estableceremos as medidas curriculares necesarias, como ACS (adaptación curricular significativa), e os recursos que se van empregar, así como o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Fixaremos o modo en que se van avaliar os progresos destes/as estudantes.
- Estableceremos a maneira de compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe, en especial co titor/a.

#### 14. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Aínda que algunhas das competencias clave inclúen os valores na súa propia definición, desde o Ámbito Lingüístico- Social de 2º PMAR farase un tratamento transversal da educación en valores. Estes enfocaranse en dúas direccións:

Valores sociais que debe coñecer, respectar e aplicar o alumnado, baseados nos dereitos humanos e constitucionais. Neste apartado incidirase, dun xeito significativo, na igualdade de oportunidades e responsabilidades entre os dous sexos e na violencia machista, o rexeitamento da violencia e o fomento da paz e o diálogo, o respecto pola diversidade social, cultural, lingüística...

Valores de tipo individual que se deben seguir desenvolvendo no alumnado: espírito crítico, curiosidade, liberdade e responsabilidade, coidado do medio ambiente, educación viaria...

#### 15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Estas actividades están destinadas a contribuír á formación integral dos alumnos e alumnas e a servir como complemento do seu traballo propiamente escolar. Á hora de organizalas, temos en conta tamén as características que ofrece o contexto socioeconómico e cultural en que se desenvolve o noso traballo docente: o ambiente familiar, as peculiaridades do alumnado, do centro e do contorno.

Aínda que no curso 21-22 se aplica o “Protocolo de adaptación ao contexto COVID 19”, contemplamos algunhas actividades complementarias dentro do ámbito do grupo-aula ou outras que poidan realizarse de maneira virtual. Algunhas das posibilidades serían:

- Participación en concursos literarios (do Concello, da Biblioteca escolar, outros...).
- Proxectos dixitais para celebrar unha data ou persoeiro determinado.

- Charla dalgún personaxe de relevancia social relacionado co noso currículo: escritores, ilustradores, músicos, cineastas...
- A medida que o curso avance poderían realizarse outras actividades, habituais do noso departamento, respectando estritamente as normas impostas para cada caso:
- Asistencia á obras de teatro e proxeccións cinematográficas.
- Excursións e itinerarios culturais e literarios por distintos puntos da nosa xeografía.
- Participación en actividades didácticas organizadas polo Concello de Ames ou outras institucións (Teatro radiofónico, Club de Debate...)
- Participación en recitais de poesía en galego e/ou obradoiros literarios.
- Actividades en relación co Día da Letras Galegas: no 2022 dedicado a Florencio Delgado Gurriarán.
- Colaboración nas actividades do EDL, a Biblioteca e os Club de Lectura do centro.

Sempre que sexa posible, procurarase que o alumnado participe nas mesmas actividades programadas para os seus compañeiros e compañeiras de 2º ESO polos departamentos de Xeografía e Historia, Lingua galega e Lingua castelá, a fin de ofrecerlles **un ensino inclusivo**.

Ademais, un día á semana realizase a actividade de **Prensa Escola**, recibindo cada alumno/a o seu exemplar de *La Voz de Galicia*, e tamén se consultará e aproveitarán diariamente os recursos didácticos que ofrece o **blog da biblioteca Carlos Nieto** do IESP de Ames.

O **cine na aula** será outra das actividades complementarias ao desenvolvemento dos contidos, sobre todo en historia e literatura.

## 16. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

A revisión desta programación terá lugar en distintos momentos do curso.

Ao inicio do curso, a avaliación inicial pode darnos algúns datos que recomenden reaxustar algúns aspectos da programación á realidade das aulas que imos ter.

Ao mesmo tempo, nas reunións mensuais do Departamento, figura sempre un punto dedicado ao desenvolvemento da programación, no que se analizan se as aprendizaxes e a temporalización das mesmas se axustan ao programado; en caso de non ser así, introdúcense as modificacións necesarias.

A avaliación de cada trimestre tamén nos permite analizar se se van cumprindo os obxectivos propostos e realizar os axustes necesarios para tentar conseguilos.

Finalmente, será en xuño cando se reunirá o Departamento para facer unha avaliación máis completa de toda a programación e dos resultados para poder analizar as causas, tanto dos obxectivos conseguidos como dos non acadados. Todo isto quedará reflectido na *Memoria* final de curso, na que se reflectirán os cambios que sexa necesario introducir na programación do curso seguinte a fin de melloralala.

Ames, 17 de setembro de 2021